

A MALETA
**PONTE
A ZERO**

NIVEL I

TRABALLANDO POLO
RESIDUO ZERO

A MALETA PONTE A ZERO

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través da súa **Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga**, pon a disposición dos centros educativos da provincia de Pontevedra unha colección de libros informativos e literarios sobre a temática dos residuos, a compostaxe e os hortos escolares.



As maletas xurden no marco do programa ‘Ponte a Zero’ que a o CEIDA desenvolve xunto á Deputación de Pontevedra, co obxectivo de concienciar á comunidade escolar sobre a problemática do lixo e a reutilización dos residuos, fomentando actitudes cívicas e de corresponsabilidade co medio natural e social. Porque a suma das nosas accións individuais poden repercutir de forma global na saúde do planeta! Está concebida como recurso de apoio e complementario ao traballo desenvolvido nas aulas dentro deste programa.

O materiais recollidos están divididos en dous niveis: nivel I, dirixidos ao alumnado de 1º e 2º ciclo de primaria; e nivel II, dirixidos a 3º ciclo de primaria e secundaria. Foron avaliados conxuntamente polo Equipo de Educación Ambiental e o Equipo de Documentación do CEIDA, sendo aproximada a idade recomendada que se indica en cada recurso.

A maleta Ponte a Zero apoia os ODS número 3 (Saúde e Benestar), 4 (Educación de Calidade), 11 (Cidades sostibles), 12 (Consumo responsable), 13 (Acción polo clima), 14 (Vida submariña), 15 (Vida e ecosistemas terrestres) e 17 (Alianzas) da Axenda 2030. Esperamos que sexan do voso interese!



LIBROS QUE COMPOÑEN A MALETA (nivel I)



Capitán Verdemán: superhéroe del reciclaje

Autoras: Ellie Bethel e Alexandra Colombo.

Editorial: Juventud.

Ano: 2021.

Sinopse: unha pequena cidade está a afogarse no lixo pola preguiza e malgasto dos seus habitantes, pero aquí está o Capitán Verdemán para rescatar a cidade e demostrar que a reciclaxe é divertida. Un conto para salientar a importancia da reciclaxe e protexer o planeta para un mundo mellor.

Idade recomendada: 5-7 anos.



Ra de tres ollos

Autora: Olga de Dios.

Editorial: Apila.

Ano: 2020.

Sinopse: Ra de Tres Ollos medra nun lugar contaminado. Chouta moi alto para entender o que acontece. Axiña descobre que quere mudar as cousas... conseguirá facelo soa? Un conto para reflexionar na procura de solucións comúns en torno a problemas ambientais como os residuos e a contaminación.

Idade recomendada: 5-7 anos.



Basura y más basura


Autora: Lucía Serrano.

Editorial: Anaya.

Ano: 2020.

Sinopse: que ocorre coas cousas que tiramos ao lixo? Por que é importante reciclar? Todos podemos facer algo para coidar o noso planeta, a casa na que vivimos, e intentar que se deteriore o menos posible. Descubre con este libro ilustrado ideas para reducir o consumo, reutilizar e reciclar mellor.

Idade recomendada: 5-7 anos.



¡Hola Fredo!

Autora: Elena Hormiga.

Editorial: Apila.

Ano: 2022.

Sinopse: que pasaría se o lixo que tiraches durante o día volvera a casa para quedarse a vivir contigo? Iso é o que lle sucedeu a Fredo. Un domingo calquera, Fredo tirou o lixo no contedor, pero á mañá seguinte estaba aí de novo e, ademáis, falaba. Fredo intentará desfacerse del sen conseguilo ata que se da conta de que a solución está en darlle unha segunda vida reciclando. Unha historia en clave de humor en torno á nosa responsabilidade das cousas que poseemos. Inclúe un divertido e colorido póster explicativo sobre a reciclaxe.

Idade recomendada: 5-7 anos.



¿Por qué debo reciclar?

Autores: Jen Green e Mike Gordon.

Editorial: Anaya.

Ano: 2021.

Sinopse: por que é importante reciclar? Como podemos nós contribuir á reciclaxe? Acompaña aos protagonistas desta historia para atopar as respostas a esas preguntas. O libro inclúe notas para pais e nais, e para o profesorado, así como actividades lúdicas que axudarán a reforzar o seu contido.

Idade recomendada: 5-7 anos.



Yo me pregunto... la basura y el reciclaje

Autores: Katie Daynes e Peter Donnelly.

Editorial: Usborne

Ano: 2020

Sinopse: libro informativo que introduce aos nenos e nenas aos procesos de tratamento de residuos e reciclaxe, con gran cantidade de datos, divertidas ilustracións e solapas con preguntas e respostas para facer a aprendizaxe máis interactiva.

Idade recomendada: 6-9 anos.



No somos basura

Autores: Eva Rodríguez, Javier Rodríguez e Leire Martín.


Editorial: Jaguar.

Ano: 2021.

Sinopse: praia? montaña? cruceiros de alta mar? competicións deportivas? Botella imaxinaba unha vida chea de aventuras.

Terminar nun cubo amarelo de residuos non lle parecía un gran plan. Aínda que moitos saben que, cando anoitece, estos cubos se transforman en lugares máxicos cheos de personaxes que bailan, cantan... e soñan. Unha historia que serve para inculcar o valor da reciclaxe e o coidado do medio ambiente cun enfoque lúdico e mensaxes simples. Inclúe un código QR que permite acceder a actividades adicionais relacionadas co conto.

Idade recomendada: 5-8 anos.



A rede de Inés


Autoras: Paula Merlán e Silvia Álvarez.

Editorial: Lata de Sal.

Ano: 2022.

Sinopse: esta é a historia dunha nena chamada Inés que decide levar dous peixes na súa rede para a casa. Esa noite e grazas a un soño, Inés explora o fondo do mar e descobre por que é necesario deixar vivir as especies no seu medio e tamén decátase de todo o lixo que os humanos botan aos océanos e que destrúe todo ao seu paso.

Idade recomendada: 5-7 anos.



El misterio de la basura mutante

Autor: Carlos Freire.

Editorial: Jaguar.

Año: 2013.

Sinopse: catro gatos rueiros, Fiz, Carlocho, Felisa e Nébedo, atopan entre restos de comida una botella cuns estraños xeroglíficos. A curiosidade por coñecer ao autor da misteriosa mensaxe levaralles a vivir múltiples aventuras, escoitar historias e descubrir os segredos do mundo da reciclaxe.

Idade recomendada: 7-9 anos.



Plástico: pasado, presente y futuro

Autores: Eunju Kim e Jiwon Lee.

Editorial: Juventud.

Año: 2021.

Sinopse: o mundo consume máis de 300 millóns de toneladas de plástico cada ano. Cando comezamos a usar o plástico? e por que? Onde acaban todos os residuos plásticos? Ao longo do último século, o seu uso estendeuse tanto que hoxe é un grave problema ambiental. Que podemos facer nós? Unha historia ilustrada sobre o plástico, chea de información para capacitar aos nenos e nenas para tomar mellores decisións que beneficien o seu futuro.

Idade recomendada: 7-9 anos.



Taller de reciclaje

Autoras: Marie-Laurie Pham-Bouvens e Steffi Brocoli.

Editorial: MTM.

Ano: 2018.

Sinopse: oito talleres creativos para fabricar obxectos a partir de material reciclado. Entre Paris e Nova Iorque, as súas autoras deseñaron unha serie de actividades fáciles de realizar e explicadas en 3 pasos. En cada actividade propoñen varias opcións e diversas ideas. Unha obra innovadora para clases creativas.

Idade recomendada: 6-9 anos.



Eu reciclo... e ti?: materiais lixo e reciclaxe: nivel I

Autores: Sandra González, Carlos Navarro, Alberto Peña e Mercedes Santos.

Editorial: SM.

Ano: 2020.

Sinopse: caderno didáctico que propón un plan de acción para xestionar residuos reutilizando materiais e transformando o lixo da nosa contorna nunha peza artística de exposición. Concienciarse aos visitantes da importancia de reusar, reducir e reciclar materiais para coidar o planeta, para o que os alumnos e alumnas terán que coñecer antes os materiais e as súas propiedades. O libro conta con recursos complementarios aos que se pode acceder cos datos que aparecen no interior do libro (contraportada).

Idade recomendada: material para profesorado, con recursos dirixidos a alumnado de 7-9 anos.



František el del compost

Autora: Simona Čechová.

Editorial: Barbara Fiore Editora.

Ano: 2022.

Sinopse: Frantisek é unha miñoca que nos conta a importancia de facer compost para fertilizar a terra e conseguir hortalizas, froitas e verduras do máis deliciosas. Un libro que mistura narrativa e divulgación cun anexo sobre como facer o teu propio compost.
Idade recomendada: 6-9 anos.




Reciclaje orgánico: aventuras con Wiki y Kusu

Autoras: Carla Luna e Amandine Ben.

Editorial: Cometa Roja.

Ano: 2021.

Sinopse: Martina e Marcos están a gozar dun día de vacacións xogando no xardín cando, de repente, o kiwi que ían a comer cobra vida. É Wiki e xunto a Kusu, unha miñoca que estivo observando como xogaban coa terra, explicaranlles que é a materia orgánica, o importante que é reciclala correctamente e como o seu proceso de reciclaxe é o máis natural e sinxelo de todos. Tamén lles amosarán como reciclar eles mesmos os residuos orgánicos na casa facendo compost para as súas plantas e árbores.
Idade recomendada: 7-9 anos.



Arriba en el huerto y abajo en la tierra

Autores: Kate Messner e Christopher Silas Neal.

Editorial: Corimbo.

Ano: 2018.

Sinopse: a modo de conto, unha avoa vai narrando á súa neta como cultivar o pequeno horto. Mais baixo esa sinxela mensaxe, este libro esconde moitas máis capas. Permite aos máis pequenos coñecer de onde veñen os alimentos que comemos e ensínalles que fan falta moitos participantes para crear algo como unha cenoria. Ata a horta máis simple agocha un rico e complexo engranaxe en todas as partes son necesarias, as que vemos a simple vista arriba no horto, e as que se agochan baixo a terra.

Idade recomendada: 6-9 anos.



Todo empieza con una semilla

Autoras: Emily Bone e Sally Elford.

Editorial: Usborne.

Ano: 2018.

Sinopse: un libro que amosa como case todo o que comemos crece a partir dunha pequena semente. Desde como crece a froita a partir das flores grazas á polinización ata a orixe das follas, as legumes ou os cereais. Un recurso repleto de información interesante sobre a orixe da comida.

Idade recomendada: 7-9 anos.



O gran libro da nosa horta


Autora: Blanca Millán.

Editorial: Cumio.

Ano: 2012.

Sinopse: ter unha horta na casa está ao alcance de calquera. Só precisas saber algunhas cousas e poñerte máns á obra. Neste álbum ilustrado divulgativo atoparedes todo necesario para crear unha horta na casa e dende cero. Coñeceredes o lugar perfecto para ela, os procesos de semente e colleita e os cultivos que se poden poñer en cada época do ano para así ter froitas e verduras frescas cada día.

Idade recomendada: 7-9 anos.



MOITO MÁIS... NA GUÍA DE RECURSOS

Se precisas máis información sobre os residuos urbanos, a compostaxe ou os hortos escolares, entra na nosa guía de recursos educativos Ponte a Zero!



Nela atoparás outras lecturas recomendadas e recursos electrónicos que podes descargar a texto completo. Accede a ela escaneando o código QR!

A BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



O Centro de Documentación Ambiental e Biblioteca Verde do CEIDA é o único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000

documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

O equipo de bibliotecarias ofrece ademáis un servizo de búsqueda especializada de documentación ambiental, de forma que se o persoal docente está a localizar información sobre algunha materia concreta, só ten que poñerse en contacto e solicitar información.

ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:

<https://documentacion.ceida.org>

ENDEREZO E HORARIO:

Pazo de Lóngora. Rúa Casares Quiroga, 29. Liáns (Oleiros)

Luns a xoves: 10 a 14 h., 16 a 19 h. Venres: 9 a 14 h.

CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:

documentacion@ceida.org - 981 630 618